

NORMATIVA XERAL DA MODALIDADE DE ATLETISMO PISTA INDIVIDUAL DAS CATRO XORNADAS PROGRAMADAS CURSO 2016/2017 ZONAS: SANTIAGO – A POBRA - RIVEIRA

ESCENARIO DE PRÁCTICAS

Celebraranse as probas nas Pistas de Atletismo ao aire libre, de Noia, A Fieteira en Ribeira e A Pobra do Caramiñal.

DATAS PREVISTAS ZONAS SANTIAGO-NOIA

- 1ª Xornada **01/04/2017** – categorías **BENXAMÍN E ALEVÍN**, nas pistas de **Noia**
- 2ª Xornada **22/04/2017** - categoría **INFANTIL**, nas pistas de **A Fieteira en Ribeira**
- 3ª Xornada **29/04/2017** - categorías **BENXAMÍN e ALEVÍN**, nas pistas de **A Pobra** (Cabío)
- 4ª Xornada **06/05/2017** - categoría **INFANTIL**, nas pistas de **A Pobra** (Cabío)

PARTICIPANTES

Poderán participar nesta modalidade todas as entidades (clubs, centros educativos, asociacións, ANPAS, etc.) que cumpran os requisitos de inscrición. Todos os atletas participantes deberán estar mutualizados previamente no programa Xogade, na páxina www.deporteescolargalego.com, na modalidade de Atletismo Pista.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN:	Nados nos anos 2008 - 2009 masculino e feminino
ALEVÍN.....:	Nados nos anos 2006 - 2007 masculino e feminino
INFANTIL....:	Nados nos anos 2004 - 2005 masculino e feminino

FASES

Celebraranse catro xornadas previas á fase provincial (dúas para as categorías benxamín-alevín, e dúas para a categoría infantil), nas que se programarán todas as probas indicadas no cadro do programa. .

As xornadas por categoría serán as seguintes:

- **Benxamín e Alevín**, competirán estas dúas categorías xuntas nas xornadas do 01/04/2017 en Noia e o 29/04/2017 nas pistas de A Pobra (Cabío).
- **Infantil**, competirán en dúas xornadas a 1ª xornada o 22/04/2017 nas pistas da Fieteira en Ribeira, e o 06/05/2017 nas pistas de A Pobra (Cabío).

SISTEMA DE COMPETICIÓN FASES PREVIAS

- **Participantes por entidade.**

Cada entidade poderá participar nas fases previas co número de participantes que desexe, a excepción dos concursos, nos que o número máximo de participantes por entidade, proba e categoría será de **6**. En casos de escasa participación, e de forma excepcional, os Servizos Provinciais poderán autorizar a participación de máis atletas por proba e entidade, sempre que non se interrompa o normal desenvolvemento da competición. A participación nas fases provinciais e galega queda supeditada a normativa propia de cada Campionato.

- **Participacións máximas.**

Benxamín e Alevín: Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas. No caso de ser carreiras, sómentes unha poderá superar os 250 m.

Infantil : Cada atleta poderá participar como máximo en 3 probas das que compoñen o programa, respectando sempre a seguinte norma: 3 concursos, 1 concurso e 2 carreiras, ou 2 concursos e 1 carreira. No caso de participar en 2 carreiras, sómentes unha poderá superar os 250 m.

Os participantes en Triatlón (alevín) e os participantes en Tetratlón (infantil) non poderán participar na mesma xornada noutra proba do programa individual.

Número de intentos.

Os concursos realizaranse con mellora na fase Provincial. Nas fases previas realizarase soamente 3 intentos.

• Clasificación.

Para o Campionato Provincial: Para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil (masculino e feminino), clasificaranse as 16 mellores marcas da totalidade de probas realizadas nas fases previas. Se algún ou algunha atleta non poidera participar en ningunha das fases previas por motivos de enfermidade, lesión, etc, será potestade do Servizo Provincial correspondente a súa admisión na fase provincial, previa proposta razoada da **Federación Galega de Atletismo** ou **Delegación Federativa** correspondente.

INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfra2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club que xa participaron na modalidade de Campo a Través, no caso de non ter dita clave poden solicitala a Federación Galega de Atletismo, ou Servizo de Deporte.

No caso de que non faga a inscrición on-line deberá enviar a folia de inscrición debidamente cumprimentada por categoría, aos correos da Federación Galega de Atletismo cofcluis@hotmail.com e a da agrupación deportiva La Parra, paalva53@edu.xunta.es, con data límite ás 14:00 horas do luns da mesma semana da competición, indicando que se mandou a inscrición as dous direccións de correo . Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo.

PROGRAMA DE PROBAS DA COMPETICION INDIVIDUAL

CATEGORIA MASCULINA			CATEGORIA FEMININA		
Benx	Alev	Inf	Benx	Alev	Inf
50m	60m	80m	50m	60m	80m
500m	500m	150m	500m	500m	150m
		500m			500m
1000m	1000m	1000m	1000m	1000m	1000m
	2000m	3000m		2000m	3000m
		80m.v. 0,84			80m.v. 0,76
		220m.v. 0,76			220m.v. 0,76
		1000m.ob			1000 obstaculos
1km marcha	2km marcha	3km marcha	1km marcha	2km marcha	3km marcha
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude triple*	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude triple*
Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
		Pértega			Pértega
Peso 2kg	Peso 2kg	Peso 3kg	Peso 2 kg	Peso 2kg	Peso 3kg
		Disco 800gr			Disco 800gr
Pelota 200gr	Xavelina 400gr	Xavelina 500grs	Pelota 200gr	Xavelina 400gr	Xavelina 400grs
		Martelo 3kg Disco 800gr			Martelo 3kg Disco 800gr
4x50	4x60	4x80	4x50	4x60	4x80

* Con táboas a 6m. e 8m. e carreira máxima de 15m.

*Para as categorías benxamin e alevín, nas probas de velocidade non é abrigatorio a saída de tacos nen a medición do vento. Nos infantiles, nas probas de velocidade e valados e obrigatorio a saída con catro apoios (con ou sin tacos) e a medición do vento

*** Cadencias das alturas:**

- Benxamín: 0.80-0.85-0.90-0.95-1.00 (3/3)
- Alevín: 0.85-0.90-0.95-1.00-1.05 (3/3)
- Infantil: 0.95-1.00-1.05-1.10-1.15 (3.3)

HORARIOS 2ª e 4ª XORNADAS ATLETISMO PISTA

Categorías: INFANTIL (masculino e feminino)

CARREIRAS	SEXO	CATEGORÍA	HORA	CONCURSOS	SEXO	CATEGORÍA
80 m Tetratlón	H	Infantil	16:00	Martelo 3 kg	H/M	Infantil
				Lonxitude	H	Infantil
				Altura	M	Infantil
80 l Tetratlón	M	Infantil	16:10			
80 m	H	Infantil	16:20			
80 m	M	Infantil	16:40			
80 mv 0,84	H	Infantil	17:00	Lonxitude	M	Infantil
				Peso 3 Kg.	H	Infantil
				Disco 800 gr.	H/M	Infantil
80 mv 0,84 Tetratlón	H	Infantil	17:10			
80 Mv 0,76	M	Infantil	17:15			
80 Mv 0,76 Tetratlón	M	Infantil	17:20			
500 m	H	Infantil	17:30			
500 m	M	Infantil	17:40			
1000 m	H	Infantil	17:50			
1000 m	M	Infantil	18:00	Lonxitude Tetratlón	H/M	Infantil
				Peso 3 kg.	M	Infantil
				Altura	H	Infantil
				Xavelina 500 gr.	H	Infantil
3000 m	M/H	Infantil	18:10			
150 m	H	Infantil	18:25			
150 m	M	Infantil	18:40			
220 mv 0,76	H	Infantil	18:55			
220 mv 0,76	M	Infantil	19:00	Triple	H/M	Infantil
				Pértega	H/M	Infantil
				Xavelina 400 gr.	M	Infantil
				Peso 3 Kg Tetratlón	H/M	Infantil
1000 m Obstáculos	H/M	Infantil	19:10			
3000 m. Marcha	H/M	Infantil	19:20			
4x80	H	Infantil	19:55			
4X80	M	Infantil	20:05			

HORARIOS 1ª e 3ª XORNADAS ATLETISMO PISTA
Categorías: BENXAMÍN e ALEVÍN (masculino e feminino)

CARRERAS	SEXO	CATEGORÍA	HORA	CONCURSOS	SEXO	CATEGORÍA
1000 marcha	H/M	Benxamín	16:00	Peso 2 kg.	M	Benxamín
				Altura	H	Alevín
				Pelota 200 gr.	M	Benxamín
				Lonxitude	M	Alevín
2000 marcha	H/M	Alevín	16:10			
60 m Triatlón	H	Alevín	16:30			
60 m Triatlón	M	Alevín	16:40			
60 m	H	Alevín	17:10	Peso 2 kg.	H	Benxamín
				Altura	M	Alevín
				Pelota 200 gr.	H	Benxamín
				Lonxitude Triatlón	H/M	Alevín
60 m	M	Alevín	17:30			
50 m	H	Benxamín	17:40			
50 m	M	Benxamín	17:50			
500 m	H	Alevín	18:00			
500 m	M	Alevín	18:10	Peso 2 kg.	H	Alevín
				Altura	M	Benxamín
				Xavelina 400gr	M	Alevín
				Lonxitude	H	Benxamín
500 m	H	Benxamín	18:20			
500 m	M	Benxamín	18:30			
1000 m	H	Alevín	18:40	Peso 2 kg. Triatlón	H/M	Alevín
				Lonxitude	H	Alevín
1000 m	M	Alevín	18:50			
1000 m	H	Benxamín	19:00			
1000 m	M	Benxamín	19:10	Peso 2 kg.	M	Alevín
				Altura	H	Benxamín
				Xavelina 400gr	H	Alevín
				Lonxitude	M	Benxamín
2000 m	H/M	Alevín	19:20			
4x50	H	Benxamín	19:35			
4x50	M	Benxamín	19:45			
4x60	H	Alevín	19:55			
4x50	M	Alevín	20:05			

SISTEMA DE COMPETICIÓN DE PROBAS COMBINADAS

CATEGORÍAS:

ALEVÍN.....: Nados nos anos 2006-2007 masculino e feminino

INFANTIL....: Nados nos anos 2004-2005 masculino e feminino

CLASIFICACIÓN

Para o Campionato Provincial das categorías alevín e infantil a inscrición é aberta, sen clasificación previa. No suposto caso de que nalgunha provincia se prevea unha masiva participación ésta limitarase a un número determinado de participantes por colexio e club.

INSCRICIÓN

A data límite de inscrición é o luns da mesma semana da competición. A Federación Galega de Atletismo publicará con data límite o mércores da mesma semana da competición a listaxe dos atletas inscritos

DATA

A data prevista xunto ao Campionato Provincial Individual, é o 20 de maio nas Pistas de A Malata en Ferrol.

PROGRAMA DE PROBAS COMBINADAS

MASCULINA			FEMININA		
BENXAMÍN TRIATLON	ALEVÍN TRIATLÓN	INFANTIL TRIATLÓN	BENXAMÍN TRIATLON	ALEVÍN TRIATLÓN	ALEVÍN TRIATLÓN
50 M.	60 M.	80 M.	50 M.	60 M.	80 M.
LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE	LONXITUDE
PESO 2 KG.	PESO 2 KG.	PESO 3 KG.	PESO 2 KG.	PESO 2 KG.	PESO 3 KG.
		80MV			80 MV.

TRANSPORTE

No caso de necesitar transporte para participar nalgunha xornada, deberá solicitalo ao Coordinador da súa Zona, Santiago o Noia, **antes das 14 horas do martes anterior a xornada da competición**, indicando os seguintes datos:

Entidade, dirección de saída bus, hora de saída, n.º prazas, responsable, móbil do responsable e, e unha vez recibida a solicitude, indicaremoslles a Empresa confirmando o transporte.

CENTROS DE ASISTENCIA SANITARIA

No caso de lesión ou accidente deportivo, deberán presentar no centro de asistencia o parte de accidentes debidamente cumprimentado, que poderán sacar na páxina Web de Xogade www.deporteescolargalego.com, e acudir a un dos seguintes centros médicos:

CENTRO	DIRECCIÓN	TELÉFONO	HORARIO
POLICLÍNICO LA ROSALEDA	SANTIAGO LEÓN DE CARACAS, 1 (SANTIAGO)	981-551- 200	24 H
GEROSALUD (CLINICA GAIAS)	PINTOR XAIME QUESADA,2-4 SANTIAGO DE COMPOSTELA	981-566- 801	8:30-21:30H (L-V) 10:00-22:00H (FIN DE SEMANA)
BETRIZ SANMARTÍN	AV. DE MAÍA BERTAMIRÁNS	981-884- 129	PREVIA CITA
LUIS SANZ	AV. COMPOSTELA, 2ºD PADRÓN	981-812- 252	---
CLÍNICA GAIAS BARBANZA	AV. A CORUÑA, BAJO RIBEIRA	981-835- 683	---

MÁIS INFORMACIÓN

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo e reflectida na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.